

## Videoforum

### Audiovisual 'A pasaxe'



#### **Sinopse**

Concepción e Rosi, dous mulleres veciñas do poboado xitano de Ponte Pasaxe deciden, xunto cos seus fillos, emprender un camiño que as levará a unha nova vida. Unha historia que amosa a realidade que se vive nos asentamentos chabolistas da Coruña, narrada en viva voz por dúas nais con ganas de sacar adiante as súas familias, demostrando que a mellor maneira para experimentar unha transformación social é a insistencia e a ilusión por vivir.

#### **Público obxectivo**

Polos temas que se tratan e o formato do videoforum, o público ao que vai dirixido é o alumnado de educación secundaria.

#### **Duración**

A duración será dunha sesión de 50', no que se proxectará aproximadamente 20 minutos de vídeo e despois se realizará unha dinámica dirixida polo equipo de Arquitecto Sen Fronteiras formado polo persoal técnico de Educación para o Desenvolvemento co apoio de persoal voluntario.

#### **Dinámica**

A dinámica consistirá na proxección de varios extractos representativos do vídeo no que se tratarán temas como o dereito a unha vivenda digna, a exclusión social ou a muller como líder familiar para a transformación social. A través desta proxección traballarase con exercicios didácticos prácticos onde se motive a participación do alumnado.